

↑ Prefiro conderarime (Margarita Ledo Andión) ESTREA 22 DE NOVEMBRE



NUMAX PRESENTA:


83 | NOVEMBRE 2024



Librería

Librerías nos libros e viceversa

O 11 de novembro celebramos o Día das Librerías, polo que escollemos algúns títulos nos que somos as protagonistas. Queremos destacar *Esa gente que no conocemos* de Lydia Davis. Esta autora (que tanto nos gusta) decidiu que o seu libro só estea dispoñible en librerías e bibliotecas, non en Amazon, como xesto de apoio ao noso sector.



Esa gente que no conocemos
Lydia Davis
ETERNA
CADENCIA | 22€



La librería de París
Kerri Maher
NARVONA | 22€



Rialto, 11
Belén Rubiano
LIBROS DEL ASTEROIDE | 17,95€




O último día de Terranova
Manuel Rivas
XERAIS | 20,95€



Rue de L'Odéon
Adrienne Monnier
GALLO NEGRO | 20€



Os libros que hai en min
Enma Pedreira
CUARTO DE INVERNO | 16,50€



Cómo ordenar una biblioteca
Roberto Calasso
ANAGRAMA | 11,90€



Contra Amazon
Jorge Carrión
GALAXIA GUTENBERG | 19,90€




La trastienda
Uxue Alberdi
CONSONNI | 19,90€



El gato que amaba los libros
Sosuke Natsukawa
GRIJALBO | 19,90€



Hôzuki, la librería de Mitsuko
Aki Shimazaki
NÓRDICA | 18€



Libres y librerías. Mujeres del libro en Londres
Yolanda Morató
EL PASEO EDITORIAL | 16,10€



Nuestras riquezas. Una librería en Argel
Kaouther Adimi
LIBROS DEL ASTEROIDE | 18,95€

XOVES 7 DE NOVEMBRO ÁS 20H

Presentación de *Runrún* (Galaxia) de **Ana Varela**. A autora estará acompañada da escritora **Antía Otero**.

MÉRCORES 20 DE NOVEMBRO ÁS 19H

Presentación de *Enciclopedia perplexidade* (Kalandraka) de **Antón Reixa**. O autor estará acompañado pola escritora **Ledicia Costas** e o músico **Nuno Pico**.

XOVES 21 DE NOVEMBRO ÁS 19H

Presentación de *Contos gringos* (Xerais) de **Lara Dopazo Ruibal**. A autora estará acompañada do escritor **Alberto Mancebo**.

VENRES 29 DE NOVEMBRO ÁS 19H

Presentación de *Pómulo y lejanía* (Consonni) de **Stefania Caro**. A autora estará acompañada da historiadora de arte contemporánea **Lucía Amoedo**.



Debuxa con nós!

Chamamento aberto a todas as persoas que queiran vir ilustrar a Librería NUMAX e a súa vida diaria!

Do 4 ao 9 de novembro en horario de atención ao público.

O día 11, Día das Librerías, exporemos as ilustracións no noso escaparate.



★★★★
CINEUROPA
2024
38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE COMPOSTELA
★★★★



PREFIRO CONDENARME

ESTREA 22 NOV

Margarita Ledo Andión, 88', GAL, VO

Con Sagrario Ribela Fra, Melanía Cruz


A historia de mil caras de Sagrario, mariscadora na ría de Ferrol, atravesada pola ditadura e a transición, enfróntanos a unha nai díscola, unha esfera familiar en perpetuo desacougo e un uiço por adúltera aos 33 anos, en 1972, a causa da filla que ten co seu amante, un carpinteiro “digno de querer”. Como unha nova Antígona, Sagrario sitúase fóra da regra e coa súa desobediencia

reclama a lei aínda non escrita á par que o desexo. No fondo, a igualdade coas de “arriba” que ninguén critica.

A catedrática, escritora e socia de NUMAX, Margarita Ledo, dirixe a súa sexta longametraxe que terá presentación na sala por parte da cineasta xunto con membros do equipo do filme.

🍷 Las Nuevas Olas Sevilla 2024

Estreas




SALVE MARÍA ESTREA 31 OUT

Mar Coll, 111', CAT, VOSE, +16

Con Laura Welssmahr, Oriol Pla

María, unha escritora moza que acaba de ser nai, atópase coa noticia dun suceso estremeecedor: unha muller francesa afogou os seus xemelgos de 10 meses na bañeira. María obsesiónase coa infanticida, por que os matou?

🏆 Sección Oficial Locarno 2024



POLVO SERÁN ESTREA 22 NOV

Carlos Marqués-Marcet, 106', ESP, VO

Con Ángela Molina, Alfredo Castro

Tras ser diagnosticada dunha doenza terminal, Claudia decide emprender a súa última viaxe a Suíza. Alí poderá decidir como e cando terminar a súa vida grazas á axuda dunha asociación de suicidio asistido. Flavio, que non se separou dela en máis de corenta anos, decide unirse a esa viaxe sen retorno.

🏆 Premio Platform Toronto 2024



BIRD ESTREA 29 NOV

Andrea Arnold, 119', ING, VOSG

Con Nykiya Adams, Barry Keoghan

Bailey, de 12 anos, vive co seu pai solteiro Bug e co seu irmán Hunter nunha casa ocupada do norte de Kent. Bug non ten moito tempo para os seus fillos e Bailey, que se achega á puberdade, busca atención e aventuras pola súa conta.

🏆 Sección Oficial Cannes 2024

📄 Filme subtulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística



AS MARGARIDAS ESTREA 29 NOV

Vera Chytilová, 76', CZ, VOSE, 1966, +12

Con Jitka Cerhová, Ivana Karbanová

Cando o mundo parece estar botado a perder, dúas mozas incontrolables embárcanse nunha serie de trasnadas nas que nada —a comida, a roupa, os homes, a guerra— será tomado en serio. Una das grandes obras do cinema feminista do último século e peza de culto da Nova Vaga Checoslovaca.

Os ollos verdes



📍 Presentación de Rebeca Baceiredo | 2 nov

📖 *La hora de la estrella*
Clarice Lispector | Galaxia
Gutenberg | 12,95€



A HORA DA ESTRELA

ESTREA 1-3 NOV

Suzana Amaral, 96', PT, VOSE, 1985

Con Marcelia Cartazo, José Dumont

Macabéa é unha moza orfa que se lanza ao mundo aos 19 anos. Analfabeta, inxenua e virxe, deixa o Nordeste do Brasil para probar sorte en São Paulo. Alí enfrenta as súas primeiras experiencias profesionais, o primeiro amor e as predicións dunha vidente.

🏆 **Oso de Prata a Mellor Actriz e Premio da Crítica Berlinale 1986**

HERE

PASE ÚNICO 4 NOV

Bas Devos, 84', FR-RO-ZH, VOSE

Con Stefan Gota, Liyo Gong

Stefan, un albanel romanés que vive en Bruxelas, está a piques de regresar ao seu país. Xusto cando está listo para marchar, coñece a unha moza chinesa-belga que está preparando un doutoramento sobre musgos. A súa atención cara ao case invisible deteno en seco.

🏆 **Mellor Filme Berlinale Encounters 2023**

HISTORIA DE PASTORES

PASE ÚNICO 25 NOV

Jaime Puertas Castillo, 80', ESP, VO, +7

Con María Marín, Belén Marín

Altiplano de Granada, ano 2027. Entre ovellas, ruínas e drones, un estudante e dous pastores encóntranse, vístanse e conéctanse arredor da historia dunha casa de labranza que aparece e desaparece.

🏆 **Sección Oficial Rotterdam 2024**



In memoriam Kris Kristofferson



A PORTA DO CEU

PASE ÚNICO 7 NOV

Michael Cimino, 207', ING, VOSE, 1980

Con Kris Kristofferson, Christopher Walken

1870. Averill e Irvine rematan os seus estudos en Harvard. 20 anos despois, viven situacións moi distintas. Averill converteuse en sheriff mentres Irvine, estragado e arruinado pola bebida, traballa para unha asociación de terratenentes involucrada nunha dura disputa cuns pequenos propietarios.

🏆 Sección Oficial Cannes 1981



FAT CITY


PASE ÚNICO 8 NOV

John Huston, 96', ING, VOSE, 1972

Con Stacy Keach, Jeff Bridges

En Stockton, California, un veterano púxil en decadencia que sobrevive traballando como xornaleiro agrícola, coñece un mozo que quere ser boxeador. O filme inclúe o tema *Help Me Make It Through the Night*, canción composta e interpretada por Kris Kristofferson.

Pase especial



OS ESPAZOS EN BRANCO

PASE ÚNICO 6 NOV

Bruno Arias, 77', GAL, VO

Con Melania Cruz, Sheyla Fariña

Bruno non lembra case nada da súa tía, a poeta Xela Arias, finada cando el tiña só 5 anos. Case vinte anos despois, decide facer un filme sobre o seu proceso de coñecemento e conexión coa súa memoria.

📍 Presentación e coloquio co equipo do filme

Retrospectiva completa Lionel Rogosin



SOBRE O BOWERY

PASE ÚNICO 26 NOV

Lionel Rogosin, 65', ING, VOSG, 1956

Con Ray Salyer, Gorman Hendricks

Tres días de desesperación nun barrio pobre de Manhattan chamado The Bowery, onde estibadores, prostitutas e sen teito con problemas de alcolismo conviven nun difícil equilibrio.

🏆 Mellor Documental Venezia 1956

🏆 Nomeado a Mellor Documental Oscar 1958

OUTONO Códax FESTIVAL
XIV EDICIÓN | 2024

BLOW UP.
A MÚSICA NO CINEMA

NUMAX **GADIS** **Martín Códax**

NUMAX VENRES 22 NOV. | 17.30H
This is a film about The Black Keys
2024 | 90' | Estados Unidos | Jeff Dupre

SABADO 23 NOV. | 17.30H
Phantom of the Paradise (50 aniv.)
1974 | 92' | Estados Unidos | Brian De Palma

DOMINGO 24 NOV. | 17.30H
Blue Giant
2023 | 120' | Xapón | Yuzuru Tachikawa

Entrada soci@s Numax ou aboard@s festival: 4€
Entrada xeral: 5€

PHANTOM OF THE PARADISE
He got his soul for rock'n'roll




BLUE GIANT
SHINICHI ISHIZUKA

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org



Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
